




¿Cales son as condicións?

- O obxectivo do plan Re-Brote é garantir **operacións de financiamento novas**, cubrindo entre o 40% e o 60% do importe do préstamo ou crédito.
- Exclúese expresamente a substitución de créditos bancarios preexistentes.
- O **importe** individual das operacións de crédito será como mínimo de 300.000 €, cun máximo de risco por beneficiaria entre todas as entidades financeiras colaboradoras de 3.500.000 €.
- As garantías outorgadas polo IGAPE consistirán na prestación de aval subsidiario ante as entidades financeiras.
- O prazo de **vixencia da garantía** será como máximo de 30 meses dende a súa formalización, cubrindo o risco vivo financiado ou anticipado durante os dous anos de vixencia máxima da operación avalada.
- O **prazo de presentación de solicitudes** finalizará o 30 de decembro de 2009.



XUNTA DE GALICIA

IGAPE, INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA

Santiago. Sede e servizos centrais

Complexo administrativo de San Lázaro, s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

902 300 903

Tel.: 981 541 147 Fax: 981 558 844
www.igape.es

Oficinas territoriais

A Coruña

Pza. Pontevedra, 22 2º
15003 A Coruña

Tel.: 981 182 239. Fax: 981 182 240

Ourense

R/ Xoán XXIII, 33
32003 Ourense

Tel.: 988 687 289. Fax: 988 687 290

Ferrol

Edif. de Usos Múltiples
Pza. Camilo José Cela, s/n
15403 Ferrol (A Coruña)

Tel.: 981 337 101. Fax: 981 337 106

Pontevedra

R/ Michelena, 30
36001 Pontevedra

Tel.: 986 805 305. Fax: 986 805 308

Lugo

Xunta de Galicia
Edif. Administrativo
Ronda da Muralla, 70. 27071 Lugo

Tel.: 982 294 032. Fax: 982 294 801

Vigo

Edif. Administrativo Xunta de Galicia
Praza da Estrela, 9, 3º andar
36201 Vigo (Pontevedra)

Tel.: 986 817 366. Fax: 986 817 361

Liña de axudas para empresas

Porque é tempo de avanzar



Nova vida para o teu negocio

Plan Re-Brote

Liña de avais para o acceso a financiamento operativo adicional



XUNTA DE GALICIA

••• ¿Que é?

Co **Plan Re-Brote**, o IGAPE pon en xogo unha liña de **avais** para facilitar que as empresas galegas podan acceder a operacións de **financiamento adicional**, a través de liñas de crédito, de desconto, 'factoring' e 'confirming'.

¿Para quen?

Poden acceder aos avais de Re-Brote as **empresas con domicilio social e fiscal en Galicia**, que non se atopen en situación de crise, que desenvolvan unha actividade subvencionable e que presenten un proxecto obxecto do financiamento avalado que sexa considerado viable e dentro dos límites de risco asumibles polo IGAPE.



••• Modalidades de operacións financeiras a avalar

— Contas de crédito a un prazo de dous anos para financiamento de circulante:

- Destinadas ao financiamento de nóminas, impostos, aluguer, provedores, etc.
- O límite de crédito mínimo por operación será de 300.000 €.
- Tipo de xuro variable semestralmente: Euribor a seis meses + ata 2,75 puntos (pactarase entre as partes).

- Comisións máximas: 1,50% apertura, 0,50% estudo, 0,50% dispoñibilidade trimestral (sobre o saldo medio non disposto).

- Aval: o IGAPE responderá de ata o 40% do saldo disposto.

— Liñas de crédito a dous anos para o adianto de efectos comerciais e facturas:

- Destinadas a garantir a cesión mercantil ou transmisión dos créditos derivados das vendas a prazo que efectúe a empresa beneficiaria.
- O límite de risco por efectos comerciais ou facturas descontadas mínimo por operación acollida ao convenio será de 300.000 €.
- Tipo de xuro variable semestralmente: Euribor a seis meses + ata 2,75 puntos (se pactará entre as partes).
- As entidades financeiras poderán aplicar unha comisión porcentual sobre as facturas e documentos cedidos, que non sobrepasará o 1%.
- Aval: o IGAPE responderá de ata o 50% dos importes adebedados pola beneficiaria á entidade financeira como consecuencia dos impagados que se produzan.

— Pólizas a dous anos de xestión de pagamentos a provedores ('confirming'):

- Destinadas á xestión do pago das compras, anticipando ás entidades financeiras os pagos aos provedores.
- O límite de risco por facturas comunicadas mínimo por operación acollida ao convenio será de 300.000 €.
- As entidades financeiras poderán repercutir unha comisión porcentual sobre as facturas confirmadas, que non sobrepasará o 1%.
- Aval: o IGAPE responderá de ata o 60% dos importes adebedados á entidade financeira como consecuencia dos descubertos que se produzan.